

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

CURSO 2019/2020

CEIP SESTELO BAIÓN

3º Educación Primaria

DATA: 11 – 5 – 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

A modo de introducción é importante mencionar que os contidos da área de Valores Sociais e Cívicos están interrelacionados cos doutras áreas polo que se potenciará un enfoque globalizador e interdisciplinario que teña en conta a transversalidade da aprendizaxe baseada en competencias. Resulta imprescindible unha estreita colaboración entre os docentes no desenvolvemento curricular e na transmisión de información sobre a aprendizaxe dos alumnos e das alumnas, así como cambios nas prácticas de traballo e nos métodos de ensinanza.

As competencias clave que se traballan nesta área son as sete mencionadas no *Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo básico da educación primaria na comunidade autónoma de Galicia:*

- Competencia en comunicación lingüística . (CCL)
- Competencia en comunicación matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. (CCMCT)
- Competencia dixital. (CD)
- Competencia en aprender a aprender. (CAA)
- Competencias sociais e cívicas. (CSC)
- Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor. (CSIEE)
- Competencia en conciencia e expresións culturais. (CCEC)

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Critério de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Crear unha imaxe positiva dun mesmo/a tomando decisións meditadas e responsables, baseadas nun bo autoconcepto.	VSCB1.1.1 - Reflexiona sobre os trazos característicos da súa personalidade e verbaliza as conclusións.
	VSCB1.1.2 - Expressa a percepción da súa propia identidade, integrando a representación que fai dun mesmo ou dela mesma e a imaxe que expresan os demais.
B1.2. Construír o estilo persoal baseándose na respectabilidade e na dignidade persoal.	VSCB1.2.1 - Razona o sentido do compromiso respecto a un mesmo e ás demais persoas.
B1.3. Estructurar un pensamento efectivo empregando as emocións de forma positiva.	VSCB1.3.1 - Aplica o autocontrol á toma de decisión.
	VSCB1.3.2 - Realiza un adecuado recoñecemento e identificación das súas emocións e das demais persoas.
	VSCB1.3.3 - Expressa os seus sentimentos, necesidades e dereitos, á vez que respecta os dos e das demais nas actividades cooperativas.
B1.4. Desenvolver o propio potencial, mantendo unha motivación intrínseca e esforzándose para o logro de éxitos individuais e compartidos.	VSCB1.4.1 - Traballa en equipo valorando o esforzo individual e colectivo para a consecución de obxectivos.
	VSCB1.4.2 - Asume as súas responsabilidades durante a colaboración.
	VSCB1.4.3 - Realiza unha autoavaliación responsable da execución das tarefas con axuda dunha persoa adulta.
	VSCB1.4.4 - Emprega algunha estratexia para facer fronte á incerteza, ao medo ou ao fracaso.
B1.6. Desenvolver a autonomía e a capacidade de emprendemento para conseguir logros persoais responsabilizándose do ben común.	VSCB1.6.1 - Participa na resolución de problemas escolares con seguridade e motivación.
B1.7. Propoñerse desafíos e levalos a cabo mediante unha toma de decisión persoal, meditada e responsable, desenvolvendo un bo sentido do compromiso respecto a un mesmo e ás demais persoas.	VSCB1.7.1 - Reflexiona, respondendo a preguntas, as consecuencias das súas accións.
	VSCB1.7.2 - Desenvolve actitudes de respecto cara aos demais en situacións formais e informais da interacción social.
B2.1. Expresar opinións, sentimentos e emocións, empregando coordinadamente a linguaxe verbal e non verbal.	VSCB2.1.1 - Expresar con claridade opinións, sentimentos e emocións.
	VSCB2.1.2 - Emprega apropiadamente os elementos da comunicación verbal e non verbal, en consonancia cos sentimentos.
	VSCB2.1.3 - Emprega a comunicación verbal en relación coa non verbal en exposicións orais.
	VSCB2.1.4 - Expón respectuosamente os argumentos.

B2.2. Utilizar habilidades de escoita e o pensamento de perspectiva con empatía.	VSCB2.2.1 - Escoita exposicións orais e entende a comunicación desde o punto de vista da persoa que fala.
	VSCB2.2.2 - Colabora en proxectos grupais escoitando activamente, demostrando interese polas outras persoas.
B2.3. Iniciar, manter e finalizar conversas cunha maneira de falar adecuada aos interlocutores e ao contexto, tendo en conta os factores que iniben a comunicación para superar barreiras e os que permiten lograr proximidade.	VSCB2.3.1 - Comunícase empregando expresións para mellorar a comunicación.
	VSCB2.3.2 - Amona interese polos seus interlocutores.
B2.4. Empregar a aserción.	VSCB2.4.1 - Expresa abertamente as propias ideas.
	VSCB2.4.2 - Emprega a linguaxe positiva.
B2.5. Dialogar creando pensamentos compartidos con outras persoas para atopar o mellor argumento.	VSCB2.5.1 - Relaciona, con axuda dunha persoa adulta, diferentes ideas e opinións para atopar os seus aspectos comúns.
B2.6. Establecer relacións interpersoais positivas empregando habilidades sociais.	VSCB2.6.1 - Emprega diferentes habilidades sociais básicas.
	VSCB2.6.2 - Participa activamente en actividades que contribúen á cohesión dos grupos sociais aos que pertence.
B2.7. Actuar con tolerancia comprendendo e aceptando as diferenzas.	VSCB2.7.1 - Respecta e acepta as diferenzas individuais.
	VSCB2.7.2 - Recoñece, e identifica as calidades doutras persoas.
B2.8. Contribuír á mellora do clima do grupo, amosando actitudes cooperativas e establecendo relacións respectuosas.	VSCB2.8.1 - Forma parte activa das dinámicas do grupo.
	VSCB2.8.2 - Establece e mantén relacións emocionais amigables, baseadas no intercambio de afecto e a confianza mutua.
B3.1 Resolver problemas en colaboración, poñendo de manifesto unha actitude aberta cara aos demais e compartindo puntos de vista e sentimentos.	VSCB3.1.1 - Establece relacións de confianza cos iguais e coas persoas adultas.
	VSCB3.1.2 - Desenvolve proxectos e resolve problemas en colaboración.
	VSCB3.1.3 - Pon de manifesto unha actitude aberta cara ás demais persoas compartindo puntos de vista e sentimentos durante a interacción social na aula.
B3.2 Traballar en equipo favorecendo a interdependencia positiva e amosando condutas solidarias.	VSCB3.2.1 - Amona boa disposición a ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe.
	VSCB3.2.3 - Respecta as regras durante o traballo en equipo.
	VSCB3.2.4 - Emprega destrezas de interdependencia positiva.
B3.3. Implicarse na elaboración e no respecto das normas da comunidade educativa,	VSCB3.3.1 - Participa na elaboración das normas da aula.

empregando o sistema de valores persoal que constrúe a partir dos valores universais.	VSCB3.3.2 - Respecta as normas do centro escolar.
B3.4. Participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática transformando o conflito en oportunidade, coñecendo e empregando as fases da mediación e usando a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais.	VSCB3.4.1 - Resolve os conflitos, coa axuda dunha persoa adulta, de modo construtivo
	VSCB3.4.2 - Manexa a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos e intencións nas relacións interpersoais.
	VSCB3.4.3 - Analiza as emocións e sentimentos das partes en conflito.
B3.5. Comprender a importancia dos dereitos da infancia valorando as condutas que os protexen.	VSCB3.5.1 - Expón os dereitos básicos da infancia.
B3.6. Participar activamente na vida cívica valorando a igualdade de dereitos e corresponsabilidade de homes e mulleres.	VSCB3.6.1 - Colabora con persoas do outro sexo en diferentes situacións escolares.
	VSCB3.6.2 - Realiza diferentes tipos de actividades independentemente do seu sexo.
B3.7. Valorar as normas de seguridade viaria, analizando as causas e consecuencias dos accidentes de tráfico.	VSCB3.7.1 - Colabora en campañas escolares sobre a importancia do respecto das normas de educación viaria.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos: avaliarase ao alumnado seguindo as avaliacións do primeiro e do segundo trimestre, de maneira continua e global. Terase en conta a actitude de motivación e esforzo, sempre en positivo, e a implicación no proceso de ensino-aprendizaxe, ademais da evolución dende principio de curso e a observación directa e sistemática a través das actividades realizadas polo alumnado na aula durante os dous trimestres anteriores, os resultados das probas escritas, a consecución das competencias clave, o resultados obtidos da realización de proxectos de aula ou traballos en equipo e a revisión do caderno.</p> <p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none">- Probas escritas.- Caderno individual.- Traballos ou proxectos.- Exposicións ou investigacións.
Cualificación final	<p>Procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <ul style="list-style-type: none">- 1ª Avaliación: computará un 45% do total da cualificación final do curso.- 2ª Avaliación: computará un 45% do total da cualificación final do curso.- 3ª Avaliación: valorarase a realización das tarefas encomendadas durante o período de atención educativa non presencial cun 10% do total da cualificación final do curso. Faise constar que durante esta avaliación traballárase na recuperación e reforzo dos contidos non acadados polo alumnado.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<p>- Ao longo do 3º trimestre propóñense semanalmente actividades de repaso e reforzo dos contidos traballados durante o curso ata a suspensión das clases. Tense en conta que as actividades as poidan levar a cabo o alumnado autónomamente e ademais que non supoñan unha sobre carga para as familias.</p> <p>- Para o alumnado que se considere que é capaz de realizalas, poderán propoñerse actividades de ampliación.</p> <p>- Para o alumnado con materias suspensas nos anteriores trimestres proporanse actividades de recuperación.</p> <p>- Recursos interactivos e vídeos explicativos e lúdicos.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>A metodoloxía será comunicativa, inclusiva, activa e participativa, ademais de dirixida ao logro dos estándares de aprendizaxe e das competencias clave e tamén potenciando a variedade de materiais e de recursos e neste caso, con máis necesidade, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación (TIC).</p> <p>Para garantir o acceso ao traballo de todo o alumnado, dende as titorías informámonos sobre a situación de cada familia no relativo á dispoñibilidade de conexión a internet e recursos tecnolóxicos. No caso das familias con algunha dificultade, solventáronse os problemas de conectividade que existían e o centro facilitoulles recursos tecnolóxicos (prestouselles unha tablet do centro).</p>
Materiais e recursos	<p>Recursos materiais: terán como finalidade facilitar a comprensión e fomentar o interese e a motivación do alumnado polos contidos. Deste xeito, contaremos cos seguintes materiais:</p> <ul style="list-style-type: none">- Material de repaso e reforzo do 1º e 2º trimestre, elaborado pola mestra responsable da área.- Material de reforzo e recuperación para o alumnado con áreas non superadas, elaborado pola mestra responsable da área. <p>Os diferentes tipos de materiais estarán adaptados aos distintos niveis, estilos e ritmos de aprendizaxe do alumnado, con obxecto de atender á diversidade da aula e personalizar os procesos de construción das aprendizaxes.</p> <p>Recursos humanos: debemos contemplar a todas as persoas implicadas no proceso educativo e que poden intervir co alumnado, destacando ás familias, coas que é imprescindible a colaboración e o intercambio de información; o profesorado de PT e AL (de ser necesario).</p>

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	A comunicación coas familias e co alumnado realizarase de xeito continuado a través de distintas canles: o servizo de avisos e mensaxería de AbalarMóbil, a plataforma Agueiro, correo electrónico e telefonía (esta última, de xeito puntual e excepcional).
Publicidade	O presente documento será publicitado na páxina web do centro.